

GRANXA ESCOLA GARATUXA (MESÍA)

DATOS XERAIS: O campamento ocupa a instalación Granxa Escola "Garatuxa", tamén coñecida como "Casa de Bello", onde se pode desfrutar dun entorno rural. Cunha superficie construída total de 318,85m², a instalación conta cun aloxamento para a rapazada conformado por 20 liteiras. A temática principal é a actividade agrícola-gandeira, dando a coñecer a vida na granxa, o respecto pola natureza e os coidados dos animais domésticos.

ACCESOS: Ubicada na aldea de Fontorto en Boado (Concello de Mesía) xunto a tres casas habitadas e dúas granxas leiteiras na contorna.

ENDEREZO: Granxa Escola "Garatuxa", Lugar de Fontorto, 13, Mesía, A Coruña.
Tfno.: 696 535 370 - 648 872 609 - 981 467 567.

QUENDA	ANO NACEMENTO	DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES
2-9 agosto	de 14-15-16-17	Campamento "O Bosque Animado" Poderás experimentar xornadas de convivencia, diversión e aprendizaxe no medio natural e rural, coas actividades da granxa como: obradoiros de compostaxe, plantación e coidado da horta, obradoiros de cociña e o coidado dos animais. Xogos tradicionais, de presentación, de achecho, xincana de auga e actividades de descuberta da contorna, como a visita á aldea de Fontorto, á piscina e unha ruta polo Tambre. Tamén conta con actividades na natureza como: observación astronómica, bingo de paxariños, obradoiro de pigmentos naturais, de vivacs, de rastrexos e pegadas, de orientación e bushcraft. Habrá actividades musicais como cotidiáfonos e foliadas. NOTA: Para ser admitido no campamento é necesario saber nadar.

NORMAS XERAIS

1. As persoas participantes estarán atendidas permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
2. Ningunha persoa participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do/a director/a da actividade, e sempre acompañado por un **adulto autorizado (algunha das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras que figuren na solicitude)**. No caso de que ningunha destas persoas poida acudir, a persoa que efectúe a recollida deberá presentar o impreso de autorización que se facilitará o día da recepción, xunto cunha fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou a solicitude de inscrición) e da persoa autorizada.
3. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades e limitar ao mínimo imprescindible a entrada de persoas alleas á instalación.
4. **Horario de chamadas: na información de recepción o equipo directivo comunicará ás familias os días en que se poderá contactar cos/coas menores (cun mínimo de 3 días durante a quenda) e o horario para as chamadas.** Nese horario, os/as rapaces/zas disporán dos seus móbiles se os traen ou ben as familias poderán chamar ao menor nos teléfonos indicados na reunión de recepción. Tamén se permitirá as chamadas fora do horario sinalado por causa xustificada.
5. O centro conta con atención sanitaria. As persoas participantes deberán levar as **tarxetas sanitarias orixinais** (ou seguro médico, MUFACE ou similar, e o talonario de receitas).

O día da incorporación deberase comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.
6. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro. Prevese a organización dun banco de cartos e móbiles onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.
7. Non está permitido levar alimentos á instalación, salvo en casos de necesidade por motivos de saúde debidamente xustificadas e comunicados previamente.
8. Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.
9. Na páxina web, no apartado "Documentación para presentar (fase de adxudicación)" están dispoñibles os modelos de documentos: declaración sobre a autorización de imaxes (anexo IV), modelo de autorización para recollida do/a menor e outra información de interese. En canto ao cuestionario de saúde e autonomía persoal e declaración de saber nadar (anexo III), este formulario soamente pode ser cuberto en liña (sede electrónica, carpeta cidadá) accedendo ao seu expediente e elixindo a acción "Documentación complementaria para a adxudicación".

INCORPORACIÓN E RECOLLIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES

- A **incorporación** realizarase o **día do inicio da quenda correspondente**, entre as **10.00 e as 13.00 horas** na Granxa Escola Garatuxa (Mesía).

Para comunicar calquera incidencia en relación coa incorporación pode contactar co teléfono: 696535370, 648872609 ou 981467567 durante os tres días anteriores á incorporación ao campamento.

- O día de **remate da quenda, a recollida das persoas participantes** deberá facerse entre as **12:00 e as 14.00** na mesma instalación.

DOCUMENTACIÓN E MATERIAL NECESARIO

- Tarxeta sanitaria orixinal (ou seguro médico, MUFACE ou similar)
- Roupas e calzado cómodos (deportivos).

MATERIAL RECOMENDABLE

A maiores, é aconsellable levar:

- Chuvasqueiro
- Forro polar (para actividades nocturnas ao aire libre)
- Material de piscina
- Pixama e mudas suficientes
- Neceser de aseo
- Toallas para o baño
- Protección solar e gorra
- Mochila para as saídas
- Cantimplora ou botella de auga
- Lanterna
- Saco de durmir
- Bolsa para roupa e calzado sucio



O horario básico da quenda será o seguinte:

08.30 h. Erguerse, aseo persoal, vestimenta axeitada e amaño de dormitorios
09.00 h. Almorzo
09.30 h. Actíva-T (desprazamento, de ser o caso).
10.00 h. Actividades de mañá (con interrupción para un refrixerio)
13.50 h. Remate das actividades de mañá, recollida e desinfección do material e aseo
14.10 h. Xantar
15.00 h. Aseo
15.10 h. Tempo libre xestionado e preparación actividades da tarde (desprazamento, de ser o caso)
16.00 h. Actividades de tarde (con interrupción para merendar)
19.50 h. Remate das actividades de tarde, recollida e desinfección do material
20.10 h. Ducha, tempo libre xestionado
21.00 h. Cea
21.30 h. Tempo libre xestionado
22.00 h. Escoita activa
22.20 h. Velada
23.30 h. Deitarse